



## Concello de Outeiro de Rei

### SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 30 DE ABRIL DE 2021

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día trinta de abril de dous mil vinteún, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D. Xosé Ferreiro Fernández; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Begoña Seco Varela incorpórase no primeiro punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2021.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2021.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Neste intre incorporase dona Begoña Seco Varela.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **2-RENUNCIA DO CONCELLEIRO FRANCISCO XABIER MOLINOS CAMPOS.**

O Secretario da lectura á renuncia do concelleiro don Francisco Xabier Molinos Campos:

*“Presentou con data de rexistro de entrada o un de marzo de dous mil vinteún Francisco Xabier Molinos Campos, concelleiro de Outeiro de Rei, pertencente ao grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego EXPÓN,*

*Que con motivo de ter sido reclamado concelleiro pola Xunta electoral da zona de Lugo na sesión do dous de xuño de dous mil dezanove, tomando posesión de dito*





## Concello de Outeiro de Rei

*cargo na sesión plenaria celebrada o quince de xuño de dous mil dezanove, conforme á lexislación vixente renuncia ao cargo de concelleiro de Outeiro de Rei e que asina en Outeiro de Rei o día vinteseite de febreiro de dous mil vinteún”.*

O alcalde quere agradecerlle ao Sr. Francisco Xabier Molinos o seu traballo ao longo do tempo que exerceu como concelleiro na corporación deste concello, a pesar das discrepancias dende o punto de vista ideolóxico e desealle sorte na vida e no seu futuro persoal e profesional.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro agradece ao alcalde as súas palabras e asemade agradece ao seu compañeiro o traballo adicado en case seis anos como concelleiro. Afirma que a renuncia é un acto de responsabilidade, xa que cando se considera que non se pode facer un traballo débese renunciar para que o faga outra persoa.

Sométese a votación a consideración da renuncia do concelleiro Francisco Xabier Molinos Campos.

Realizada a votación, o Pleno da Corporación toma en consideración a renuncia pola unimidade dos membros presentes.

### **3-APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO DE ZONAS VERDES E ÁREAS RECREATIVAS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

O Alcalde inicia o debate asumindo a defensa da seguinte proposta de ordenanza:

**“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO PÚBLICO DE ZOAS VERDES E ÁREAS RECREATIVAS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

#### **CAPITULO I: CONTIDO E ALCANCE**

Artigo 1.- A presente Ordenanza regula o uso dos espazos libres e zonas verdes que ha de rexer dentro do termo municipal.

Artigo 2.- En toda actividade de zonas verdes deberán cumprirse, ademais da presente Ordenanza, as ditadas polos demais servizos municipais nas partes que afecten aos mesmos.





## Concello de Outeiro de Rei

### CAPITULO II: USO DE ZONAS VERDES E ÁREAS RECREATIVAS

Artigo 3.- Normas xerais.- Todos os cidadáns teñen dereito ao uso e goce das áreas recreativas e zonas verdes públicas, de acordo co establecido na presente Ordenanza e demais disposicións aplicables.

Artigo 4.- Os lugares a que se refire a presente Ordenanza, pola súa cualificación de bens de dominio e uso público, non poderán ser obxecto de privatización do seu uso en actos organizados que, pola súa finalidade, contido, características ou fundamento, presupoña a utilización de tales recintos con fins particulares, en detrimento de a súa propia natureza e destino.

Artigo 5.- A instancias do interesado, o Concello poderá outorgar autorización para a celebración de actos públicos ou actividades recreativas nas zoas verdes e áreas recreativas.

As autorizacións outorgadas poderán ser revogadas pola Administración por razóns sobrevidas de interese público sen xerar dereito á indemnización aos interesados.

Os solicitantes da autorización serán responsables solidarios dos danos ocasionados no dominio público, e deberán adoptar as medidas necesarias para salvaguardar a seguridade do evento.

O Concello poderá esixir aos responsables o pagamento da indemnización dos danos causados por vía administrativa.

Artigo 6.- Os usuarios das zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nas mesmas deberán cumprir as instrucións que sobre a súa utilización figure nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes. En calquera caso, deberán atender as indicacións que formulen os servizos municipais.

### CAPITULO III: PROTECCION DO CONTORNA

Artigo 7.

1. Con carácter xeral, para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes non se permitirán, salvo autorización municipal, os seguintes actos:

- a) Toda manipulación realizada sobre árbores e plantas.
- b) Circular por zonas acoutadas.





## Concello de Outeiro de Rei

---

c) Tallar, apear, podar, arrincar ou partir árbores situadas en espazos públicos ou cortar as súas ramas.

d) Lanzar en zonas verdes lixos, residuos, cascotes, pedras, papeis, plásticos, graxas ou produtos cáusticos ou fermentables, ou calquera outro elemento.

e) Acender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean habilitados para ilo.

2. Os animais deberán ir conducidos por persoas e provistos de correa e transitarán polas zonas de paseo evitando causar molestias ás persoas, achegarse aos xogos infantís, penetrar nas praderías de céspede, nos macizos axardinados, nos estanques ou fontes e espantar aos paxaros e outras aves.

Os seus condutores coidarán de que depositen os seus excrementos nos lugares apropiados e sempre afastados dos de localización de xogos infantís, zonas de nenos, etc, e serán responsables da súa posterior recollida.

O propietario do can será responsable do seu comportamento.

Artigo 8.- A protección da tranquilidade e acougo que integran a propia natureza das zonas verdes esixe que:

a) A práctica de xogos e deportes realizarase nas zonas especificamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias: ou

1º Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas. ou

2º Poidan causar danos e deterioracións ás plantas. ou

3º Impidan ou dificulten o paso de persoas ou interrompan a circulación. ou

4º Perturben ou molesten de calquera forma a tranquilidade pública

b) As actividades publicitarias realizaranse con expresión e previa autorización municipal.

c) As actividades artísticas de pintores, fotógrafos e operadores cinematográficos ou de televisión poderán ser realizadas nos lugares utilizables polo público. Deberán absterse de entorpecer a utilización normal do parque e terán a obrigaón, pola súa banda, de cumprimentar todas as indicacións que lles sexan feitas polos axentes de vixilancia.





## Concello de Outeiro de Rei

---

d) As actividades industriais restrinxiranse ao máximo, limitándose a venda ambulante de calquera clase de produtos, que soamente poderán efectuarse coa correspondente autorización municipal expresa para cada caso concreto.

e) A instalación de calquera clase de industrias, comercio, restaurantes, venda de bebidas ou refrescos, xeados, etc., requirirá autorización ou concesión administrativa do Concello, obtida coa tramitación que a normativa aplicable dispoña en cada caso concreto. Os concesionarios deberán axustarse estritamente ao alcance da súa autorización, sendo responsables das súas extralimitacións e incumprimento das mesmas.

f) Salvo nos lugares especialmente habilitados para o efecto, non se permitirá nas zonas verdes nin en ningunha vía ou espazo público, acampar, instalar tendas de campaña ou vehículos para ese efecto habilitados, practicar cámping ou establecerse con algunha destas finalidades, calquera que sexa o tipo de permanencia.

Prohíbense especialmente as acampadas nas vías e espazos públicos que carezan da correspondente autorización.

g) Con carácter preventivo e para favorecer a convivencia cidadá e evitar danos aos bens públicos ou alteracións da orde pública, estará prohibido o consumo de bebidas alcohólicas.

Artigo 9.- Nas zonas verdes non se permitirá:

a) Lavar vehículos, roupas ou proceder ao tendido delas e tomar auga das bocas de rega, salvo autorización sinalizada.

b) Realizar calquera clase de grafiti, pintada, mancha ou inscrición sobre as árbores, fontes, muros, pedras, peches, elementos vexetais, ou en xeral sobre calquera elemento das zonas verdes ou áreas recreativas

c) Instalar calquera tipo de modalidade publicitaria.

d) Realizar nos seus recintos calquera clase de traballos de reparación de automóviles, albañilería, xardinería, electricidade etc., e se se trata de elementos propios do parque ou de instalacións de concesionarios requirirase a preceptiva autorización do Concello.

e) Deixar ceibes animáis, ben de compañía, ben de natureza gandeira ou pecuaria.

## CAPITULO IV: VEHICULOS EN LAS ZONAS VERDES





## Concello de Outeiro de Rei

---

Artigo 10.- Como regra xeral nas zonas verdes e áreas recreativas non se permitirá a circulación ou estancia de vehículos de motor, salvo nos supostos expresamente previstos na presente ordenanza.

A entrada, circulación e estacionamento de vehículos nas zonas verdes poderá ser regulada de forma específica en cada unha delas mediante a oportuna sinalización, previa resolución da Alcaldía ou órgano en quen delegue que determinará as vías e espazos susceptibles dos devanditos usos e as súas condicións de utilización.

2. Nos parques e outras zonas verdes con gran afluencia de público, e para servizo do mesmo, poderán acoutarse parcelas para estacionamento de visitantes suxeito a limitación horaria. O acceso ás devanditas parcelas estará debidamente sinalizado e a velocidade limitada a 10 km/ h. Constituirá infracción administrativa aparcar fóra dos espazos acoutados, en horario distinto do permitido ou excedendo o tempo máximo autorizado.

3. Autorízase a circulación dos vehículos de servizo, municipais ou contratados, para as subministracións, servizos e obras de reforma, mantemento e conservación que sexan necesarias.

4. Do mesmo xeito poderá autorizarse aos concesionarios de quioscos ou outros servizos propios do espazo público, que deberán estacionar os seus vehículos no lugar que especificamente se lles sinale, sen que por regra xeral poida concederse máis dunha autorización por cada concesión.

5. As bicicletas poderán circular libremente polas zonas verdes e áreas recreativas, salvo prohibición ou limitación expresa, sempre non interfiran o uso peonil, debendo manterse fóra dos xardíns e espazos plantados e circular a velocidade moderada.

### CAPITULO V: PROTECCION DO MOBILIARIO URBANO

Artigo 11.- O mobiliario urbano existente nas zonas verdes e áreas recreativas, consistente en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización, farois e elementos decorativos deberá manterse no máis adecuado e estético estado de conservación.

Os causantes da súa deterioración ou destrución serán responsables non só do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente de conformidade coa falta cometida.

Así mesmo serán sancionados os que facendo uso indebido de tales elementos prexudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos polos usuarios de tales lugares; para ese efecto, e en relación co mobiliario urbano, establécense as seguintes limitacións:





## Concello de Outeiro de Rei

---

- a) Xogos infantís: A súa utilización realizarase polos nenos con idades comprendidas entre 3 e 12 anos.
- b) Papeleiras.- Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiras a tal fin instaladas. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, envorcalas e arrincalas, así como de facer inscricións nas mesmas, adherir adhesivos ou outros actos que deteriore a súa presentación.
- d) Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos.- En tales elementos de mobiliario urbano non se permitirá subirse, columpiarse ou facer calquera acción ou manipulación sobre estes elementos de mobiliario urbano, así como calquera acto que ensucie, prexudique ou deteriore os mesmos.

### CAPÍTULO VI: RÉXIME SANCIONADOR

#### Artigo 12.- Infraccións

De conformidade co disposto no artigo 139 LBRL, tipifícanse as seguintes infraccións administrativas:

1. Serán moi graves as infraccións que supoñan:

a) A perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio do dereito de outras persoas ao disfrute das zoas verdes ou áreas recreativas.

Considérase perturbación relevante:

- As emisións sonoras producidas por altoparlantes, megafonía ou artefactos pirotécnicos.
- As combustións e queimas (incluso nos lugares habilitados) que emitan fumes, ruídos ou olores que afecten sustancialmente á tranquilidade propia do espazo natural.

b) O impedimento do uso das zoas verdes ou espazos públicos por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, salvo que se dispoña do correspondente título habilitante.

c) Os actos de deterioro grave e relevante das áreas recreativas ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables.

Considéranse actos de deterioro relevante:





## Concello de Outeiro de Rei

---

- A sustracción, queima ou inutilización de papeleiras, bancos, farolas, pérgolas, peches ou elementos informativos.
- A queima, poda ou manipulación de elementos vexetais que afecten á viabilidade do exemplar afectado.
- O verquido de residuos (sólidos ou líquidos) que produzan a contaminación do solo de ditos espazos públicos.
- A realización de obras, movementos de terra ou plantacións.

### 2. Constitúen infraccións graves

- A circulación ou aparcamento non autorizado de vehículos a motor nas zoas verdes ou áreas recreativas.
- Os actos de deterioro dos elementos das áreas recreativas ou zoas verdes que non teñan a consideración de moi graves.
- A realización de actos públicos ou espectáculos recreativos carecendo da preceptiva autorización municipal, e sempre que non produzan danos ou perturbacións no uso e disfrute susceptibles de tipificase coma infraccións moi graves.

3.- Constitúen infraccións leves as restantes infraccións da presente ordenanza que non sexan tipificadas coma infraccións moi graves ou graves.

### Artigo 13.- Sancións

A comisión de infraccións descritas na presente ordenanza sancionárase coa imposición das seguintes multas:

- Infraccións moi graves: de 1500 euros a 3.000 euros.
- Infraccións graves: de 750 euros a 1.500 euros.
- Infraccións leves: de 200 euros a 750 euros.

## CAPÍTULO VII: RÉXIME FISCAL







## Concello de Outeiro de Rei

---

Artigo 14.- Imposición da taxa por aparcamento nos espazos habilitados a tal fin nas zoas verdes e áreas recreativas.

En virtude do disposto no artigo 15 TRHL, o Concello de Outeiro de Rei acorda imponer e ordear a taxa por aparcadoiro nos espazos habilitados nas zoas verdes e áreas recreativas municipais.

Artigo 15.- Constitúe o feito impositivo o aparcamento de vehículos de tracción mecánica nos espazos habilitados coma de estacionamento restrinxido nas zoas verdes e áreas recreativas municipais.

Artigo 16.- A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por cada día de aparcamento ou fracción.

Cuota xeral: 10 euros

Cuotas especiais: O aparcamento de vehículos que dispoñan de tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, así coma os veciños do Concello de Outeiro de Rei: 2 euros.

Artigo 17.- O pagamento realizarase, previa autoliquidación, en metálico nas oficinas municipais ou ao persoal a tal fin habilitado e presente no aparcadoiro.

O pagamento realizarse sempre con carácter previo ao feito impositivo.

### ANEXO

#### Ordeación da mobilidade no área recreativa de Santa Isabel

O plano que se xunta identifica as zoas de estacionamento restrinxido suxeito ao aboamento da correspondente taxa municipal, así coma a zonificación de circulación e estacionamento de vehículos a motor na área recreativa de Santa Isabel.





## Concello de Outeiro de Rei



- |   |   |
|---|---|
|  líneas de solarías existentes |  CONTROL DE ACCESO |
|  murallas existentes           |  APARCAMENTOS      |
|  áreas existentes              |   |





## Concello de Outeiro de Rei

---

Rematada a defensa da proposta da ordenanza fai uso da palabra a concelleira do BNG, dona Elvira Lombao que manifesta que lles parece axeitado que haxa unha ordenanza que regule as áreas recreativas e as zonas verdes pero que se queda un pouco curta e propoñen incluír na mesma a protección da flora e fauna desas zoas; que cando se fagan reforestacións sexan con árbores ou arbustos autóctonos e controlar os herbicidas que se empreguen.

Polo que respecta ás infraccións e sancións para os incumprimentos da ordenanza debemos ter claro cómo se vai a vixiar que se cumpran esas medidas e quen vai a sancionar.

Por último, pregunta cómo os propietarios de parcelas que teñen o paso pola zona de Santa Isabel terán que acreditar esta condición para poder circular libremente.

O voceiro do PP, a raíz do que expón a concelleira do BNG, propón incluír na ordenanza que o Concello conceda unha autorización especial gratuita aos propietarios de parcelas ou residentes desa zona. Asemade, propón introducir un bono de trinta euros para os veciños e veciñas deste Concello que formen unha unidade familiar poidan acceder á Área Recreativa de Santa Isabel todo o ano e incluíndo nese bono as matrículas de tódolos vehículos que posúan.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio fai uso da súa palabra expoñendo que a ordenanza, segundo se comentou na Comisión do Pleno, debería estar redactada de xeito que facilite unha fácil e clara comprensión da mesma.

O voceiro do PP respondelle á concelleira do BNG que no referente á protección da flora e fauna non é competencia do Concello, e recorda que está enclavada na Rede Natura dentro da Reserva da Biosfera, polo que dispón de un réxime específico de protección.

Engade que as árbores que se cortan son as que están a punto de caer, e nalgúns zonas verdes sí que se fan algunha vez plantacións, pero no caso de Santa Isabel hai máis un exceso de árbores que falta deles. En calquer caso, a intervención sobre a vexetación, aa estaren dentro da zoa de protección do río, está suxeita a un control previo do organismo de cuenca.

A concelleira do BNG respóstalle ao voceiro do PP que cando se plantexa a ordenanza non tiveron en conta a casuística dos propietarios de parcelas e residentes desa zoa, o que pon de manifesto unha falla de previsión.





## Concello de Outeiro de Rei

A concelleira do PSdG-PSOE propón como se están facendo rectificacións sobor o texto sometido ao Pleno, o máis prudente sería deixar este punto sobre a mesa para, no vindeiro Pleno, examinar a redacción definitiva.

O voceiro do PP fai mención a que na Comisión do Pleno comentou que é unha ordenanza novidosa e que xenera unha situación complexa debido a que a Área Recreativa de Santa Isabel é de acceso libre, e que a pesar de que lle gustaría que o seguise sendo, vese na obriga de facer algún tipo de restrinccións pola problemática que ten esa zoa e a veciñanza do Concello xa ten coñecemento.

Propóñense enmendas para modificar aquilo que pode mellorarse. Non obstante, recorda que esta ordenanza pode modificarse no futuro si a situación o require.

Dende a opinión o voceiro do PP que estas modificacións non deberían supoñer ningunha problemática de redacción, polo que non ve procedente ter que esperar un par de meses ata o seguinte pleno ordinario, xa que esta ordenanza non podería entrar en vigor para o verán.

A finalidade desta ordenanza é ter un control razoábel dunha zoa pública que non pode deixar de ser pública.

Polo tanto, a ordenanza quedaría redactada co seguinte texto, logo de incorporar as modificacións propostas polo Alcalde:

### “ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO PÚBLICO DE ZOAS VERDES E ÁREAS RECREATIVAS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

#### CAPITULO I: CONTIDO E ALCANCE

Artigo 1.- A presente Ordenanza regula o uso dos espazos libres e zonas verdes que ha de rexer dentro do termo municipal.

Artigo 2.- En toda actividade de zonas verdes deberán cumprirse, ademais da presente Ordenanza, as ditadas polos demais servizos municipais nas partes que afecten aos mesmos.

#### CAPITULO II: USO DE ZONAS VERDES E ÁREAS RECREATIVAS

Artigo 3.- Normas xerais.- Todos os cidadáns teñen dereito ao uso e goce das áreas recreativas e zonas verdes públicas, de acordo co establecido na presente Ordenanza e demais disposicións aplicables.

Artigo 4.- Os lugares a que se refire a presente Ordenanza, pola súa cualificación





## Concello de Outeiro de Rei

---

de bens de dominio e uso público, non poderán ser obxecto de privatización do seu uso en actos organizados que, pola súa finalidade, contido, características ou fundamento, presupón a utilización de tales recintos con fins particulares, en detrimento de a súa propia natureza e destino.

Artigo 5.- A instancias do interesado, o Concello poderá outorgar autorización para a celebración de actos públicos ou actividades recreativas nas zoas verdes e áreas recreativas.

As autorizacións outorgadas poderán ser revogadas pola Administración por razóns sobrevidas de interese público sen xerar dereito á indemnización aos interesados.

Os solicitantes da autorización serán responsables solidarios dos danos ocasionados no dominio público, e deberán adoptar as medidas necesarias para salvaguardar a seguridade do evento.

O Concello poderá esixir aos responsables o pagamento da indemnización dos danos causados por vía administrativa.

Artigo 6.- Os usuarios das zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nas mesmas deberán cumprir as instrucións que sobre a súa utilización figure nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes. En calquera caso, deberán atender as indicacións que formulen os servizos municipais.

### CAPITULO III: PROTECCION DO CONTORNA

Artigo 7.

1. Con carácter xeral, para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes non se permitirán, salvo autorización municipal, os seguintes actos:

- a) Toda manipulación realizada sobre árbores e plantas.
- b) Circular por zonas acoutadas.
- c) Tallar, apear, podar, arrincar ou partir árbores situadas en espazos públicos ou cortar as súas ramas.





## Concello de Outeiro de Rei

---

d) Lanzar en zonas verdes lixo, residuos, cascotes, pedras, papéis, plásticos, graxas ou produtos cáusticos ou fermentables, ou calquera outro elemento.

e) Acender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean habilitados para ilo.

2. Os animais deberán ir conducidos por persoas e provistos de correa e transitarán polas zonas de paseo evitando causar molestias ás persoas, achegarse aos xogos infantís, penetrar nas praderías de céspede, nos macizos axardinados, nos estanques ou fontes e espantar aos paxaros e outras aves.

Os seus condutores coidarán de que depositen os seus excrementos nos lugares apropiados e sempre afastados dos de localización de xogos infantís, zonas de nenos, etc, e serán responsables da súa posterior recollida.

O propietario do can será responsable do seu comportamento.

Artigo 8.- A protección da tranquilidade e acougo que integran a propia natureza das zonas verdes esixe que:

a) A práctica de xogos e deportes realizarase nas zonas especificamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias: ou

1º Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas. ou

2º Poidan causar danos ou deterioro ás plantas. ou

3º Impidan ou dificulten o paso de persoas ou interrompan a circulación. ou

4º Perturben ou molesten de calquera forma a tranquilidade pública

b) As actividades publicitarias realizaranse con expésa e previa autorización municipal.

c) As actividades artísticas de pintores, fotógrafos e operadores cinematográficos ou de televisión poderán ser realizadas nos lugares utilizables polo público. Deberán absterse de entorpecer a utilización normal do parque e terán a obrigaón, pola súa banda, de cumprimentar todas as indicacións que lles sexan feitas polos axentes de vixilancia.





## Concello de Outeiro de Rei

---

d) As actividades industriais restrinxiranse ao máximo, limitándose a venda ambulante de calquera clase de produtos, que soamente poderán efectuarse coa correspondente autorización municipal expresa para cada caso concreto.

e) A instalación de calquera clase de industrias, comercio, restaurantes, venda de bebidas ou refrescos, xeados, etc., requirirá autorización ou concesión administrativa do Concello, obtida coa tramitación que a normativa aplicable dispoña en cada caso concreto. Os concesionarios deberán axustarse estritamente ao alcance da súa autorización, sendo responsables das súas extralimitacións e incumprimento das mesmas.

f) Salvo nos lugares especialmente habilitados para o efecto, non se permitirá nas zonas verdes nin en ningunha vía ou espazo público, acampar, instalar tendas de campaña ou vehículos para ese efecto habilitados, practicar cámping ou establecerse con algunha destas finalidades, calquera que sexa o tipo de permanencia.

Prohíbense especialmente as acampadas nas vías e espazos públicos que carezan da correspondente autorización.

g) Con carácter preventivo e para favorecer a convivencia cidadá e evitar danos aos bens públicos ou alteracións da orde pública, estará prohibido o consumo de bebidas alcohólicas.

Artigo 9.- Nas zonas verdes non se permitirá:

a) Lavar vehículos, roupas ou proceder ao tendido delas e tomar auga das bocas de rega, salvo autorización sinalizada.

b) Realizar calquera clase de grafiti, pintada, mancha ou inscrición sobre as árbores, fontes, muros, pedras, peches, elementos vexetais, ou en xeral sobre calquera elemento das zoas verdes ou áreas recreativas

c) Instalar calquera tipo de modalidade publicitaria.





## Concello de Outeiro de Rei

---

d) Realizar nos seus recintos calquera clase de traballos de reparación de automóviles, albañilería, xardinería, electricidade etc., e se se trata de elementos propios do parque ou de instalacións de concesionarios requirirase a preceptiva autorización do Concello.

e) Deixar ceibes animais, ben de compañía, ben de natureza gandeira ou pecuaria.

### CAPITULO IV: VEHÍCULOS EN LAS ZONAS VERDES

Artigo 10.- Como regra xeral nas zonas verdes e áreas recreativas non se permitirá a circulación ou estancia de vehículos de motor, salvo nos supostos expresamente previstos na presente ordenanza.

A entrada, circulación e estacionamento de vehículos nas zonas verdes poderá ser regulada de forma específica en cada unha delas mediante a oportuna sinalización, previa resolución da Alcaldía ou órgano en quen delegue que determinará as vías e espazos susceptibles dos devanditos usos e as súas condicións de utilización.

2. Nos parques e outras zonas verdes con gran afluencia de público, e para servizo do mesmo, poderán acoutarse parcelas para estacionamento de visitantes suxeito a limitación horaria. O acceso ás devanditas parcelas estará debidamente sinalizado e a velocidade limitada a 10 km/h. Constituirá infracción administrativa aparcar fora dos espazos acoutados, en horario distinto do permitido ou excedendo o tempo máximo autorizado.

3. Autorízase a circulación dos vehículos de servizo, municipais ou contratados, para as subministracións, servizos e obras de reforma, mantemento e conservación que sexan necesarias.

4. Do mesmo xeito poderá autorizarse aos concesionarios de quioscos ou outros servizos propios do espazo público, que deberán estacionar os seus vehículos no lugar que especificamente se lles sinale, sen que por regra xeral poida concederse máis dunha autorización por cada concesión.







## Concello de Outeiro de Rei

---

5. As bicicletas poderán circular libremente polas zonas verdes e áreas recreativas, salvo prohibición ou limitación expresa, sempre non interfiran o uso peonil, debendo manterse fóra dos xardíns e espazos plantados e circular a velocidade moderada.

### CAPITULO V: PROTECCION DO MOBILIARIO URBANO

Artigo 11.- O mobiliario urbano existente nas zonas verdes e áreas recreativas, consistente en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización, farois e elementos decorativos deberá manterse no máis adecuado e estético estado de conservación.

Os causantes da súa deterioración ou destrución serán responsables non só do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente de conformidade coa falta cometida.

Así mesmo serán sancionados os que facendo uso indebido de tales elementos prexudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos polos usuarios de tales lugares; para ese efecto, e en relación co mobiliario urbano, establécense as seguintes limitacións:

- a) Xogos infantís: A súa utilización realizarase polos nenos con idades comprendidas entre 3 e 12 anos.
- b) Papeleiras.- Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiras a tal fin instaladas. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, envorcalas e arrincalas, así como de facer inscricións nas mesmas, adherir adhesivos ou outros actos que deterioren a súa presentación.
- d) Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos.- En tales elementos de mobiliario urbano non se permitirá subirse, columpiarse ou facer calquera acción ou manipulación sobre estes elementos de mobiliario urbano, así como calquera acto que ensucie, prexudique ou deteriore os mesmos.

### CAPÍTULO VI: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 12.- Infraccións





## Concello de Outeiro de Rei

---

De conformidade co disposto no artigo 139 LBRL, tipifícanse as seguintes infraccións administrativas:

1. Serán moi graves as infraccións que supoñan:

a) A perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio do dereito de outras persoas ao disfrute das zoas verdes ou áreas recreativas.

Considérase perturbación relevante:

- As emisións sonoras producidas por altoparlantes, megafonía ou artefactos pirotécnicos.
- As combustións e queimas (incluso nos lugares habilitados) que emitan fumes, ruídos ou olores que afecten sustancialmente á tranquilidade propia do espazo natural.

b) O impedimento do uso das zoas verdes ou espazos públicos por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, salvo que se dispoña do correspondente título habilitante.

c) Os actos de deterioro grave e relevante das áreas recreativas ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables.

Considéranse actos de deterioro relevante:

- A sustracción, queima ou inutilización de papeleiras, bancos, farolas, pérgolas, peches ou elementos informativos.
- A queima, poda ou manipulación de elementos vexetais que afecten á viabilidade do exemplar afectado.
- O verquido de residuos (sólidos ou líquidos) que produzan a contaminación do solo de ditos espazos públicos.
- A realización de obras, movementos de terra ou plantacións.

2. Constitúen infraccións graves





## Concello de Outeiro de Rei

---

- A circulación ou aparcamento non autorizado de vehículos a motor nas zoas verdes ou áreas recreativas.
- Os actos de deterioro dos elementos das áreas recreativas ou zoas verdes que non teñan a consideración de moi graves.
- A realización de actos públicos ou espectáculos recreativos carecendo da preceptiva autorización municipal, e sempre que non produzan danos ou perturbacións no uso e disfrute susceptibles de tipificase coma infraccións moi graves.

3.- Constitúen infraccións leves as restantes infraccións da presente ordenanza que non sexan tipificadas coma infraccións moi graves ou graves.

### Artigo 13.- Sancións

A comisión de infraccións descritas na presente ordenanza sancionárase coa imposición das seguintes multas:

- Infraccións moi graves: de 1500 euros a 3.000 euros.
- Infraccións graves: de 750 euros a 1.500 euros.
- Infraccións leves: de 200 euros a 750 euros.

## CAPÍTULO VII: RÉXIME FISCAL

Artigo 14.- Imposición da taxa por aparcamento nos espazos habilitados a tal fin nas zoas verdes e áreas recreativas.

En virtude do disposto no artigo 15 TRHL, o Concello de Outeiro de Rei acorda imponer e ordear a taxa por aparcadoiro nos espazos habilitados nas zoas verdes e áreas recreativas municipais.

Artigo 15.- Constitúe o feito imponible o aparcamento de vehículos de tracción mecánica nos espazos habilitados coma de estacionamento restrinxido nas zoas verdes e áreas recreativas municipais.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Artigo 16.- A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por cada día de aparcamento ou fracción.

Cuota xeral: 10 euros

Cuotas especiais: O aparcamento de vehículos que dispoñan de tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, así coma os veciños do Concello de Outeiro de Rei: 2 euros.

Cuota anual: Os veciños de Outeiro de Rei poderán acadar un abono de vixencia anual aboando unha taxa de 30 euros. Dito abono poderá abranguer a totalidade dos vehículos pertencentes á unidade familiar do solicitante.

Exención: estarán exentos da taxa os propietarios ou residentes que precisen acceder as súas parcelas ou residencia a través das zoas de circulación restrinxida.

Artigo 17.- O pagamento realizarase, previa autoliquidación, en metálico nas oficinas municipais ou ao persoal a tal fin habilitado e presente no aparcadoiro.

O pagamento realizarse sempre con carácter previo ao feito impoñible.

### ANEXO

#### Ordeación da mobilidade no área recreativa de Santa Isabel



O plano que se xunta identifica as zoas de estacionamento restrinxido suxeito ao aboamento da correspondente taxa municipal, así coma a zonificación de circulación e estacionamento de vehículos a motor na área recreativa de Santa Isabel.





## Concello de Outeiro de Rei



- |   |   |
|---|---|
|  línea de bóvedas existentes |  CONTROL DE ACCESO |
|  muros existentes            |  APARCAMENTOS      |
|  aceas existentes            |   |





## Concello de Outeiro de Rei

---

Sométese a votación a aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora do uso de zonas verdes e áreas recreativas do Concello de Outeiro de Rei.

Realizada a votación queda aprobada con oito votos a favor dos concelleiros do PP e tres abstencións dos concelleiros do BNG e do PSdG-PSOE.

### **4-MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE O CONCELLO INVISTA OS CARTOS RECADADOS POLA NOVA VALORACIÓN DAS LEIRAS DOS NÚCLEOS RURAIS E LEVAR O SANEAMENTO A ESSES NÚCLEOS**

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

*Xosé Ferreiro Fernández e Elvira Lombao Vila, concelleiro e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

*Moción presentada polo grupo municipal do bng para que o concello invista os cartos recadados pola nova valoración das leiras dos núcleos rurais e levar o saneamento a eses núcleos.*

#### *Exposición de motivos*

*Nos últimos meses, as veciñas e veciños de Outeiro están a recibir cartas da Dirección Xeral do Catastro onde se lles comunica a nova valoración que ese servizo fai das súas fincas situadas nos núcleos rurais, valoración que se fai segundo a cualificación que o concello fixera no seu momento.*

*Estas novas valoracións multiplican dun xeito moi importante o valor da maioría das fincas que no seu momento o concello cualificou como pertencentes á núcleo rural, incremento de valor que vai levar consigo tamén un importante aumento dos impostos que as persoas propietarias pagarán ao concello en concepto de Imposto de Bens Inmóbeis (IBI).*

*Ademais diso, o propio alcalde de Outeiro leva manifestado en diversos ámbitos que vai aplicar o cobro retroactivo deste imposto, co que as veciñas e veciños do concello van pagar polos catro anos anteriores, xunto coa contribución deste ano 2021.*

*Desta forma, o concello de Outeiro de Rei vai incrementar dun xeito moi importante a recadación por este imposto, incremento que aínda non podendo*





## Concello de Outeiro de Rei

cuantificalo de forma exacta, si se sabe que pode superar os 500.000 euros neste anos 2021.

*Esta nova valoración que se fai desta fincas susténtase en base a supor que son fincas urbanizables e que nelas se pode construír, considerándoas entón como urbanas. En base a esa premisa, increméntase o valor e polo tanto o imposto que pagamos.*

*O lóxico sería que se á hora de valoralas se consideran que son fincas urbanas e pagamos os tributos como tales, estas tiveran tamén os servizos que teñen as fincas urbanas, segundo o determina a propia lei de urbanismo da Xunta.*

*En Outeiro de Rei, esta situación non ocorre con moitos dos servizos esenciais que a norma di que deberían ter as fincas cualificadas como urbana, sobre todo no referente ao servizo de saneamento, o cal tan só está dispoñíbel para as persoas que viven nas urbanizacións ou na propia vila de Outeiro, ademais dalgún barrio máis onde tivo que pagar a propia veciñanza unha boa parte do custe de construción.*

*Dende o BNG cremos que se unhas fincas se cualifican como urbanas e tributan ao concelle como tales, deberan ter todos os servizos propios das fincas urbanas, sobre todo no referente ao saneamento.*

*Deste xeito, cremos que o concello debería dedicar a esta cuestión todos os recursos de investimento dos que puidera dispor, considerando o saneamento como un obxectivo prioritario.*

*É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes acordos:*

*1. Que o Concello de Outeiro proceda a facer unha estimación do incremento de recadación que lle vai supor a nova valoración que o Catastro fixo das fincas que o concello cualificou como de núcleo rural.*

*2. Que o alcalde de Outeiro proceda a incluír nos orzamentos do concello para o ano 2021 este incremento de recadación de contribución anteriormente explicado e o destine na súa totalidade a levar o servizo de saneamento a todos núcleos rurais do concello, facendo previamente unha priorización destes núcleos por criterios totalmente obxectivos (urxente necesidade, custe, número de vivendas afectadas, etc.).*

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra a concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio que está totalmente de acordo co punto primeiro, que propón que o concello faga unha estimación do incremento que vai supoñer a nova subida da valoración catastral das leiras. Non obstante, considera que habería que facer un





## Concello de Outeiro de Rei

---

estudo da situación das fincas ás que se lles aplica esa subida, para determinar a corrección da nova valoración proposta. Asemade, engade que debería estudarse si é factible que se realicen obras para levar o saneamento a todos os núcleos sen que isto supuxera un gasto excesivo, xa que se non hai vivendas que vaian a empregar este servizo a curto prazo sería un despilfarro.

Por outra banda, afirma que un imposto non pode ser finalista, de xeito que sexa recadado coa finalidade de que cubra outro gasto hipotético, neste caso. Polo que, manifesta que non vai apoiar esta moción, vaise abster.

O voceiro do PP di que non van aprobar esta moción.

Non hai ningunha recalificación, hai un planeamento que se aprobou fai moitos anos, e o que acontece é que Catastro non aplicou a valoración e a calificación correcta até agora. Polo tanto, non hai ánimo recadatorio algún, senón unha realización polo Catastro de un traballo que debeu facer fai moitos anos.

Recórdalle ao grupo municipal do BNG que o equipo de Goberno deste Concello ten as súas propias políticas de investimento, que se aplicarán en función das necesidades que consideren en cada momento, non en función do que lles diga o BNG.

O Concello xa levou o saneamento a varios núcleos rurais do Concello e seguirase facendo, pero non seguindo as ordes do grupo municipal do BNG.

A recaudación do IBI é importante pero está moi lonxe de chegar para manter moitos dos servizos.

Evidentemente hai parcelas nas que non se pode edificar. Pero o propietario que ten unha parcela en núcleo rural pode chegar a adoptar acordos cos restantes propietarios para acadar unha superficie edificable, e se está en solo rústico non poderá ser edificable en ningunha circunstancia.

Por outro lado, faise mención que afecta tamén ao imposto de transmisións patrimoniais, algo que non é certo xa que non se ten en conta o que consta en Catastro. Cando se merca, vende ou hereda unha finca non se ten en conta a valoración que fai a Dirección Xeral do Catastro, senón o valor real da zoa onde estea situada esa parcela.

O motivo da presentación de esta moción non é outro que enganar á xente, xa que non cree que a presente por descoñecemento.

O voceiro do PP di que sí está de acordo cos argumentos que defendeu a concelleira do PSdG-PSOE. E nos orzamentos si aparecerá a recaudación prevista para este ano.







## Concello de Outeiro de Rei

---

O concelleiro do BNG reiterase no que na moción propoñen literalmente “*que o alcalde de Outeiro de Rei proceda a incluír nos orzamentos do Concello para o ano 2021 este incremento da recaudación da contribución anteriormente explicado e que destine a súa totalidade a levar o servizo de saneamento a todos os núcleos rurais do Concello*”. Que o non deberon ler o non entenden facendo previamente unha priorización destes núcleos por criterios totalmente obxectivos. Non se está pedindo que se poña á totalidade dos núcleos rurais do Concello, senón pouco a pouco.

Dille ao voceiro do PP que diga que donde exista unha meirande demanda se levará antes o saneamento, pero dicir que non se pode levar o saneamento a todos os núcleos que non sería rendible é algo grave.

Ínsta ao equipo de goberno que decida si os cartos que se recauden os van a investir ou vai a ser para tapar buratos do Concello.

A concelleira do PSdG-PSOE intervén dicindo que o propio título da moción é moi claro e que non se trata que esas obras de saneamento sexan rendibles o non, senón pensar se son factibles en lugares que non van a ser habitados.

O voceiro do PP está totalmente de acordo coa voceira do PSdG-PSOE. En termos políticos si non se fan as cousas en prazos razoables o que se consegue e enganar á xente.

Levar o saneamento a todos os núcleos rurais, pola dispersión xeográfica e a orografía sería moi caro de executar e de manter, polo que non se podería afrontar ese gasto. Por este motivo dixo que é moi difícil e custoso poder chegar on este servizo a todos os núcleos.

O voceiro do PP preguntalle ao voceiro do BNG se quere seguir mantendo a moción.

O voceiro do BNG di que mantén na súa redacción inicial.

Sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG para que o Concello invista os cartos recadados pola nova valoración das leiras dos núcleos rurais e levar o saneamento a eses núcleos.

Realizada a votación, queda rexeitada con dous votos a favor dos concelleiros do BNG, oito votos en contra dos concelleiros do PP e unha abstención do concelleiro do PSdG-PSOE.

**4-MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE  
SOBORA REVISIÓN CONSENSUADA DO HORARIO DE CELEBRACIÓN DOS  
PLENOS ORDINARIOS**





## Concello de Outeiro de Rei

---

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

*Moción que presenta o grupo municipal socialista, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real Decreto 2568/1986), sobre a revisión consensuada do horario da celebración dos plenos ordinarios para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo pleno do concello de Outeiro de Rei*

### *Exposición de motivos*

*No pasado pleno de 25 de febreiro de 2021, os concelleiros e concelleiras que formamos parte del atopámonos con diferentes puntos de contido que había que tratar en profundidade: Unha moción do grupo do BNG, unha moción do PSdeG-PSOE, unha moción do grupo municipal do PP, Rogos e preguntas, ademais dos cinco puntos que debían ser tratados e aprobados relacionados co goberno deste Concello. A maiores, e pola vía de urxencia, o grupo municipal do BNG, e mais o grupo do PP decidiron presentar cadansúas mocións, que non constaban na orde do día. En resumo, asuntos con moitísimo contido que argumentar e discutir e con moita importancia para o noso Concello.*

*Chegadas as 15:45, esta concelleira e voceira viuse na obriga de ter que abandonar o desenvolvemento do Pleno pois motivos laborais así llo esixían, polo que non puido participar do debate e votación da moción do BNG nin escoitar as contestación por parte do Sr. Alcalde ao rogo e ás preguntas que o seu grupo presentara en tempo e forma. Unha análise de todo isto leva a pensar no desagravio e marxinação do Grupo socialista representado pola súa voceira como consecuencia dunha decisión por parte do Goberno Municipal en relación coa celebración deste Órgano no que estamos hoxe e que foi aprobada nas orixes desta lexislatura.*

*Estes feitos demostran que por parte do Goberno municipal non se amosa ningunha sensibilidade ante as realidades de cada un dos compoñentes da oposición neste Concello xa que non é a primeira vez que o noso grupo municipal lles amosa o noso desacordo co horario da celebración dos Plenos.*

*Un Goberno debe facilitar o debate e a transparencia dos seus órganos e o tempo é crucial para iso.*

*Segundo o Artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), corresponde ao Pleno, entre outras atribucións, e como di no seu apartado c), “A aprobación e modificación*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*dos regulamentos de natureza orgánica. Terán en todo caso natureza orgánica: A regulación do Pleno...*”

*Pensando que todo isto se podería ter evitado se os horarios dos plenos fosen celebrados segundo os poucos ou moitos contidos que se presentasen en cada ocasión, sometemos a consideración do Pleno do Concello de Outeiro de Rei o seguinte acordo:*

*1- Chegar a un consenso nos horarios da celebración dos Plenos do Concello de Outeiro de Rei.*

*2- Estudar a posibilidade de adaptar a hora da celebración do Pleno segundo os contidos que houbese que tratar neles.*

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra o voceiro do PP dicindo que non está seguro se é posíbel se se pode tomar un acordo para posteriormente modificar os horarios, excepcionalmente podense variar os horarios xa que o Pleno de hoxe cambiouse o día.

Se dan unha condición especial porque o Sr. Secretario non poderá asistir aos plenos os xoves, como estaba acordado, por tomar posesión como secretario titular noutro concello e neste Concello estar como secretario acumulado. Por este motivo vese na obriga de facer o cambio da celebración dos plenos que se estaban a celebrar os xoves e, neste contexto, poderíase estudar a modificación do horario coa finalidade de adaptalo aos contidos que haxa a tratar.

De cara á próxima sesión adoptarse un acordo neste sentido.

O voceiro do PP dalle a palabra ao concelleiro do BNG don Xosé Ferreiro, quenm anifesta que están completamente de acordo no fondo do asunto. Tendo en conta que varios concelleiros e concelleiras non son profesionais, o feito de celebrar os plenos a esta hora é un agravio importante.

No ano 2015 o BNG presentou unha enmenda ao período de realización onde se propoñía a celebración destas sesión, ben a partir das oito da tarde, ben os sábados pola mañá, coa finalidade de que a cidadanía poida participar dun xeito activo, xa que non é suficiente con poder ver as sesións en internet.

O BNG únese a solicitude que propón o PSdG-PSOE para estudar o mellor xeito de casar os intereses de maior número de concelleiros e concelleiras e tamén para facilitar aos veciños e veciñas do Concello quepoidan asistir as sesións.





## Concello de Outeiro de Rei

---

O voceiro do PP respósta que, como ben dixo a concelleira do PSdG-PSOE que propuxo a moción, vaise a discutir este asunto e terase en conta a opinión da meirande parte dos concelleiros.

A concelleira do PSdG-PSOE espera que teñan en conta este asunto, sobre todo a importancia dos contidos a tratar e tendo en conta que poden xurdir mocións de urxencia.

O voceiro do PP comprométese a que se modificará no seguinte pleno. E proponlle para apoiar a moción unha enmeda eliminando o punto primeiro, de xeito que se aprobaría a moción co punto segundo. A concelleira do PSdG-PSOE está de acordo coa proposta.

Sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE sobor a revisión consensuada do horario de celebración dos plenos, se ben eliminando o primeiro punto da parte dispositiva.

Realizada a votación queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

### 5-ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o secretario da lectura en viva voz de rogos presentados do seguinte teor literal:

*Dona M<sup>a</sup> del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei comparece e como mellor en Dereito proceda di:*

*Que ao abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a presentar aos órganos de goberno o seguinte ROGO*

*1- Despois de rematadas as obras de mellora na estrada LU-115 que une Outeiro de Rei co Concello de Castro de Rei, e vendo que, á altura de Bonxe, na intersección da variante que une esta estrada coa provincial LU-3806, non existe sinalización vertical que indique o STOP que si se mostra na horizontal, presentamos a nosa petición para que se coloque un sinal vertical que advirta da obrigación de parada que hai que facer alí para acceder a esta estrada provincial.*

*2- Do mesmo xeito, solicitamos unha revisión dos puntos conflictivos nas estradas municipais e que se coloquen espellos de orientación naqueles nos que a visibilidade é escasa e faciliten así unha condución segura.*





## Concello de Outeiro de Rei

---

O Alcalde pídelle a concelleira do PSdG-PSOE que lle aclare cal é a estrada 3806, ao que a concelleira resposta que é a que vai de Bonxe a Mosteiro.

O alcalde dille que esa é a estrada 3906 e ,segundo expón no rogo, non hai ningunha estrada provincial. Entende que se pode referir na intersección que se fixo da LU-115 cunha estrada nova que se abriu fai pouco tempo que conecta coa estrada que vai ao Centro Penitenciario de Bonxe, pero non é unha estrada provincial. Hai un stop no chan e a si hai maior circulación por esta estrada. Si se considerase moi necesario poñeríase un stop vertical.

Respecto á revisión dos puntos conflictivos das estradas municipais o alcalde di que xa se está facendo, aínda que seguramente non sexa suficiente. Os espellos vanse deteriorando ou rompendo por bandalismo ou polo paso do tempo.

*Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiro e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte*  
**ROGO REFERIDO AO ARRAXO E CORRECTO MANTEMENTO DA RUTA ARQUEOLÓXICA DO CORDAL DO ACEVEDO**

### *Exposición de motivos:*

*Ao longo do Concello de Outeiro de Rei están documentadas arredor de 180 mámoas, cunha antigüidade superior aos 5000 anos, que se atopan nun estado de conservación de regular a malo. Pola documentación e as referencias orais desapareceron máis de medio cento e outro número importante sofre continuas agresións sen que se tomen as medidas máis elementais para evitalo.*

*O Concello é responsable xa que, segundo a Lei do Patrimonio Cultural, ten a obriga de protexer e conservar os bens patrimoniais que se atopen dentro do seu ámbito territorial.*

*En febreiro de 2018 este grupo político, o BNG de Outeiro de Rei, presentáramos unha serie de preguntas en relación ao estado de conservación de ditos bens patrimoniais, artísticos e culturais. Desde esa data desde o concello creou unha senda arqueolóxica coñecida como Ruta Arqueolóxica do Cordal de Acevedo (entre os límites das parroquias de Martul, Aspai e Parada). Ao longo do percorrido non só se pode ver a necrópole megalítica do Acevedo, que dá nome a ruta, senón que tamén nos atopamos con distintas medorras, túmulos, petróglifos... a maior parte deles catalogados e incluso dous deles, A Medorra 1 de Acevedo e o Petróglifo de Pena Serrada, teñen a consideración de BICs.*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*A día de hoxe, despois de pasado o inverno, o camiño atópase intransitable nalgúns sitios, nalgúns puntos falta a información (Xacemento romano do Acevedo p.ex.), ou os sinais están tirados no chan e non facilitan o camiño a seguir (Province) ou o máis grave, a propia ruta tamén se está a utilizar como vertedoiro do lixo (entre os Túmulos de Pascuais e a Medorra do Acevedo 4, p.ex.) xa que nela podemos atopar, entre outros, refugallos de obras, radiadores, bolsas de plástico, inodoros, etc. Ou outros (como nos Túmulos do Coto de Province 3) recentes traballos forestais non respectaron a distancia de seguridade establecida por lei e vense as rodeiras da maquinaria pesada a rentes da coiraza, producindo danos que nós non podemos cuantificar.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte ROGO:*

*- Que desde o Concello se tomen as medidas oportunas para reparar estas situacións que supoñen un desprezo total e absoluto polo legado dos nosos antepasados e ofrecen unha imaxe moi negativa do noso concello.*

O Alcalde nin cre que sexa un desprezo para os antepasados nin se ofrezca unha imaxe moi negativa do Concello.

A Ruta Arqueolóxica de O Acevedo circula por un entorno rural, fai moi pouco tempo que se creou, fíxose para por en valor e intentar un mínimo de conservación do patrimonio.

A ruta discorre a carón de fincas particulares que se adican a explotacións agrícolas ou forestais, e discorre en moitos tramos por pistas que están ao servizo do agro, polo que é normal que sufran o desgaste propio do seu uso principal. Non obstante, nestas rutas vaise facer unha labor de mantemento todos os anos, o que incrementa o gasto anual do concello.

O que se pretende é intentar compatibilizar perfectamente a cultura, a utilización deste tipo de rutas coas necesidades dos veciños e dos que viven ou explotan o rural.

A continuación o secretario da lectura en viva voz de preguntas presentadas do seguinte teor literal:

*Xosé Ferreiro Fernández e Elvira Lombao Vila, concelleiro e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte PREGUNTA REFERIDA AO PAGO POR PARTE DA VECIÑANZA DA URBANIZACIÓN DAS RÚAS NO CONCELLO NO OUTEIRO DE REI*





## Concello de Outeiro de Rei

---

### *Exposición de motivos:*

*Durante os últimos tempo leváronse a cabo obras para a urbanización de distintas rúas no concello de Outeiro de Rei, obras que tiveron un elevado custe.*

*Ao mesmo tempo, parece ser que están previstas máis obras deste tipo ao longo do noso concello.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde a seguinte pregunta:*

*- Canto pagaron as persoas propietarias da parcelas ou vivendas que lindan con estas rúas que acaban de urbanizarse?*

O Alcalde di que as preguntas e intervencións do BNG non acaba de entendelas. Acaban de decir no punto que se tratou anteriormente que critican que nalgún servizo se lles cobra aos veciños e veciñas ou se chega a un acordo con eles para colaborar no financiamento de infraestrutura e agora critican que non se lles cobre nada.

Resposta que non pagaron nada.

*Xosé Ferreiro Fernández e Elvira Lombao Vila, concelleiro e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte PREGUNTA REFERIDA Á INSTALACIÓN DA FIBRA NO CONCELLO DE OUTERIO DE REI*

### *Exposición de motivos:*

*Poder ter acceso a unha boa conexión a internet a través de fibra óptica converteuse nun servizo básico en todos os fogares, independentemente de onde estean situados.*

*Este servizo xa é neste momento un pilar fundamental para poder asentar poboación no rural.*

*No concello de Outeiro existe unha empresa que empezou xa hai anos a instalar esta fibra óptica nalgunha parroquias, utilizando para elo os tendidos eléctricos de baixa tensión.*

*Dende hai xa varios meses estes traballos están paralizados, non levando este servizo a máis vivendas en todo este tempo, cuestión que está a preocupar a unha boa parte da veciñanza que depende totalmente deste servizo.*







## Concello de Outeiro de Rei

---

*É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde as seguintes preguntas:*

*- Sábese dende o concello o motivo polo que estes traballos de instalación da fibra óptica están paralizados?*

*- Sábese cando se van retomar estes traballos e polo tanto cando se vai levar o servizo aos fogares que están esperando por el dende fai xa anos?*

O Alcalde resposta que non é competencia do Concello o despregue da fibra óptica, pero si está implicado no empuxe e na creación de algunha infraestrutura para que estes desenvolvementos tecnolóxicos se fagan ca máxima velocidade posible.

Fai pouco tempo que se implantou o servizo de rede de fibra óptica en algunhas parroquias do municipio e existe a perspectiva de que nun prazo non moi longo se extenda a outras parroquias, se ben dada a dispersión e tamaño do termo municipal seguramente levará algo de tempo.

O Alcalde di que lle gustaría que fose máis rápido pero seguirase traballando xa que este avance considerase importante e necesario.

O Alcalde expón que hai máis preguntas pero non se lles vai a dar resposta porque tendo en conta o que expuxo a voceira do PSdG-PSOE que os plenos se fan longos e seguindo o exemplo da Deputación de Lugo que non permite que os grupos da oposición plantexen máis de dúas preguntas. Entón o lóxico e seguir o mesmo criterio e se resolvan dúas preguntas ou rogos a cada un dos grupos políticos da oposición.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

